



AVR/rbg

Exp. nº 2022032540
Concello de Redondela (P3604500C)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 1 de xullo de 2022, aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (acordo nº 16.31917, CSV: K88T7OHBHHLX4OLZ) con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00 do vixente Orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de **15.675,59 euros** para **Sinalización interpretativa do patrimonio cultural de Redondela**.

O prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o **30 de xuño de 2023**. Para poder percibir a axuda deberán presentar, ata o 30 de setembro de 2023 (prazo improrrogable), a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos.
- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, e indicarse en cada factura o número de unidades, o prezo unitario e mais o custo total ou, no seu caso, a factura, acompañada das correspondentes certificacións de obra, aprobadas polo órgano competente.
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallen as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, ata o total do orzamento presentado por importe de 15.713,55 euros, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Este documento poden descargalo na seguinte ligazón:

<https://sede.depo.gal/web/public/publications/list/forms/FORMS/details/88289238>

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial será do 20%.

- Acreditación da debida divulgación mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos do investimento subvencionado pola Deputación.
- Achegar, se é o caso, antes da súa instalación, o deseño dos paneis informativos dos bens inmoables de interese municipal obxecto da subvención para a súa valoración e conformidade polos Servizos Lingüísticos e polo Servizo de Comunicación da Deputación de Pontevedra: gabinete.linguistico@depo.es e comunicacion@depo.es.

O secretario xeral
Por delegación, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico,
segundo R. p. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente á marxe

